

Raquel C. Pico

O mundo de Jane Austen

Unha breve guía pola súa vida e a súa obra

DA BIBLIOTECA DE

.....

.....



Unha viaxe literaria

A miña historia con Jane Austen e os escenarios da súa vida podería ser un pouco peli de tarde. Xa sabedes, as historias esas de persoas que deixan atrás momentos chungos e a gran cidade ou buscan o sentido da vida nunha granxa de cabazas de Vermont. Fan algo superpintoresco, atopan o amor dun atractivo veterinario ou do granxeiro dono da granxa de cabazas e dormen mentres pasa todo isto nun *bed & breakfast* encantador no que dan uns almorzos espectaculares. (Quen cocíña todo iso? Cando? Que fan coas sobras? E é economicamente rendible?) A miña gran viaxe austeniana foi nun ano miserable, 2011, cando perdera a grande escapada do verán por culpa dunha trapallada médica e pasara todos eses meses indo a que me fixesen curas (mentres as miñas amigas descubrían que xa pasaran a época cotrosa de aceptar calquera cousa chamada *hostel* se resultaba barata e coñecendo Bulgaria e Romanía). A miña gran viaxe de outono ía resarcirme, pero a amiga coa que a ía facer tivo unha emerxencia familiar e houbo que cancelar os nosos plans. Así que me atopei soa, nun ano *meh* e amoucada ante a ausencia de excursión. Decidín tirar a casa pola ventá e facer unha encantadora visita pola campiña inglesa, nun deses percorridos para os que en xeral custa animar outras persoas a que gasten contigo moitos euros, a non ser que sexan superfáns. Ía seguir os pasos de Jane Austen!! Durmir en hoteis de sitios estupendos e pisar os mesmos espazos polos que ela pasara.

O enfoque é moi «viaxe dunha vida». A realidade foi distinta. Tiña o comezo, pero non a peli de tarde —e pouco importa, porque no fondo vivir esas historias máis que entrañables debe ser, se o pensas friamente, inquietante nivel terror psicolóxico—, aínda que si penso que foi un pouco viaxe de descubrimento. Descubrín que me gusta viaxar soa, que o turismo literario é un grande invento e que é imposible non obsesionarse con Jane Austen a pouco que empezas a ler e a saber sobre ela.

Supoño que antes de nada debería confesar que cando empecei aquela viaxe me sentía un pouco impostora. Aínda me sinto así ás veces cando falo de Jane (vaia por diante que odio cando en xeral se fala das escritoras usando só os seus nomes de pía, porque non tendemos a falar así dos escritores: non dicimos Benito ou Charles por Pérez Galdós e Dickens, pero a Jane Austen xa a elevei á categoría de amiga, e veredes que ó longo do libro falo de Jane de cando en cando). Penso que é porque Jane Austen ten unha comunidade tan entusiasta, tan experta, que é moi doado sentir que en realidade non sabes nada sobre ela. Durante a década bastante longa que pasou dende que fixen aquela viaxe lin unha chea de libros sobre ela e a súa obra e, no entanto, teño a sensación de que non lin nada. A cantidade de bibliografía que hai sobre ela, a súa familia, a súa obra, o seu universo e calquera cousa que poidades imaxinar conectada con Jane é tan ampla que debería dedicarlle toda a miña xornada laboral a conquistala, e aínda así non estaría ó día (non imaxinades o tremendo FoMO que me xera toda esta avalancha documental). Existen visións dende todos os puntos de vista e toda clase de obras de ficción conectadas cos seus personaxes e con ela mesma. Jane contén multitudes, a pesar desa idea que aínda

persiste de que era unha señora aburrída que levou unha vida campestre e sinxela.

Todo isto fai que sexa a elección perfecta para facer unha viaxe literaria nun ano que non percibes como un dos de boa fortuna. Confeso, iso si, que en puridade esa non foi a miña primeira viaxe austeniana. Jane e mais eu vimos de antigo. A primeira vez que a lin tiña uns trece anos. Estaba pasando uns días de verán coa miña familia en Ribeira, e moi, pero que moi aburrída (e sentíndome un pouco culpable por estalo). Pero, que queredes? Era unha adolescente de vacacións familiares nunha época na que os móbiles non existían, e na que non tiña moito que facer. O meu antídoto para o aburrimiento foi o estante da sección bazar nun supermercado no que vendían clásicos. Eran edicións trapalleiras a baixo prezo, en castelán. Supoño que había moitas desas novelas de señores e de aventuras que son tan ubicuas, pero que non me interesaban. Collín unha de Emily Brontë e a que foi a miña primeira novela de Jane Austen, *Orgullo e prexuízo*. Confeso que *Cumes torboentos* me gustou moito máis (co intensa que él; agora que son unha señora vexo as cousas distintas), pero aquel foi o verán de Jane, posto que tamén lin —noutra edición adquirida nun hipermercado, pero esta vez máis pro— *A abadía de Northanger*. Logo dese verán seguíu lendo as irmás Brontë, pero sobre todo a Austen (menos *Mansfield Park*, que confeso que adorei a adaptación aínda que nunca logrei avanzar no libro: levo anos pensando que lle debería dar unha nova oportunidade). Estou convencida de que se vivise a adolescencia nunha era con Wikipedia, *streaming* e Internet ultraaccesible, no canto do menos conectado cambio de século, tería sido unha *janeite* intensa dende aquela primeira hora.

Pola contra, a tecnoloxía obrigoume a tomalo con máis calma. De feito, a primeira vez que fixen turismo austeniano foi case por casualidade. Hai xa moitos anos –case vinte!–, estaba facendo un deses cursos de inmersión no inglés que se levaban daquela (non sei se aínda son populares). Acabei en Cardiff porque era o sitio máis barato, o que non me pareceu mal, pois eu quería facer unha peregrinación literaria: quería ir a Swansea para ver o lugar no que morrera a filla de Mary Wollstonecraft, Fanny Imlay¹. Alá fun, aínda que Swansea me pareceu un sitio bastante feo –bombardeárono durante a II Guerra Mundial e quedou reducido a ruínas– e no que xa non quedaba nada do lugar no que estivera Fanny. De feito, o que máis lembro desa viaxe –un inciso para reflexionar sobre o fascinante da memoria– é que ía friaxe e que acabei visitando un piso piloto co que tropecei mentres me dirixía cara á praia buscando calor. Jane non estaba nas miñas quinielas.

1 Odio as notas a pé de páxina dos libros de non-ficción, pero Fanny Imlay merece que aparque os meus principios, sobre todo porque se cheguei a ela e á súa nai foi por culpa de Jane Austen. De adolescente vin unha biografía sobre Mary Wollstonecraft e lin a correr a contracuberta, así que entendín que de rapaza fora amiga de Jane Austen, e decidín ler o libro. Non fora tal! Pero a biografía (de Claire Tomalin) desta pioneira do feminismo entusiasmárame, e a historia de Fanny impactárame especialmente. Era a filla máis vella –nacida dunha relación que tivo a súa nai cun cazafortunas estadounidense; nunca casaron, e iso marcará a vida da rapaza–, e só tiña tres anos cando morreu a súa nai. Criouna o seu padrasto, o filósofo William Godwin (para quen era a súa filla a todos os efectos). Fanny non ten unha historia exactamente feliz. Quedou eclipsada no medio dunha familia intelectual coma a súa (a súa irmá era Mary Shelley, e o seu cuñado, Percy Shelley) e suicidouse en Swansea (ninguén sabe con seguridade que facía alí). Foi o seu cuñado quen a identificou e, como estaban atravesando un momento especialmente escandaloso por outros temas e un novo escándalo non lles viña nada ben, enterraron a Fanny nunha tumba anónima.

Durante a viaxe en bus de Londres a Cardiff decateime de que estaba moi preto de Bath (e xusto antes de viaxar vira a adaptación de *Persuasion* da BBC na tele!) e vin unha oportunidade. Merquei uns billetes de tren bastante baratos e fun alá un domingo. Pasei o día percorrendo a cidade, comín un bolo de Sally Bunn (algo típico que tes que facer se vas) e gastei cartos en moi poucas cousas (porque era universitaria, e eses son sempre anos de economías). Un dos poucos gastos foi o museo de Jane Austen, que me fascinou (aínda non fora ó de Chawton, que xa vos adianto que é moito mellor). Rematei o día facendo unha visita guiada gratuíta pola cidade, que durou dúas horas e media, da man dunha xubilada voluntaria que amaba a vila, a súa historia, e que estaba moi preocupada polo feito de que, sendo eu estranxeira, non a fose entender.

Foi unha visita breve, pero en Bath sentín por primeira vez síndrome de Stendhal, coas súas rúas xeorxianas e a súa historia de lugar de vacacións fino do pasado. Aquel domingo sóubome a pouco e, se cadra por iso, uns anos despois acabei volvendo. Bath non foi nin o comezo nin o final da miña viaxe de 2011 –Londres e Bristol ocuparon esas posicións, polo simple motivo de teren aeroportos con conexións e pola prosaica cuestión dos prezos dos voos–, pero foi a etapa máis memorable.

Como eu era unha austenita de calote, como temía e temo ás veces seguir sendo agora, non planifiquei moi ben a miña viaxe. Merquei a miña guía *Lonely Planet* xa en Londres, porque quería unha da rexión que en España non atopara (teño agora na casa unha de Inglaterra que nunca máis volvíñ usar, pero parte do encanto das guías está logo en acumulalas), e fixen un esquema demasiado superficial dos sitios

nos que ía estar e do que quería ver. Non fun, por exemplo, a Steventon, porque non me parecía doado chegar nin semellaba ter cousas destacables. Só contaba cunha semana para a miña viaxe –debía ser eficiente si ou si–, e todas as investigacións e compras foron feitas dende unha cafetería con WiFi (cunhas cadeiras altas moi incómodas) do centro de Madrid. Porque xusto ese setembro acababa de mudar de casa e no novo enderezo non tiñamos aínda Internet. Falo de 2011, que para min foi antonte, pero que en termos de conectividade á rede móbil é o Pleistoceno. Algunha cousa imaxino que mirei nalgún oco no traballo, pero case todas as investigacións foron realizadas nunha cafetería á que fun varias veces –lembro que o camareiro chegou a saber que eu era unha veciña documentándose para as vacacións– e non con tanta eficiencia como merecería unha boa viaxe *janeite*. Pero o 9 de outubro estaba no aeroporto, decidida a empezar a miña aventura cunhas reservas de hotel en lugares clave e unha lista nun caderno de varios sitios ós que ir.

Volvín lendo a biografía que lle dedicou Claire Tomalin a Jane, e borracha de información. E, aínda así, esa viaxe foi o momento no que me empecei a dectar de todo o que podería saber e non sei sobre esta muller, o momento no que arrinquei a miña morea de libros pendentes sobre ela que sei que nunca serei quen de rematar (cada ano publícanse tantos libros sobre o mundo Austen que esta é unha empresa inabarcable, de verdade). Ó facelo, entrei nun club escasamente secreto, o dos fans de Jane Austen e o dos seus peregrinos literarios, un que é tan antigo coma a súa propia fama como escritora. Xa no século XIX temos noticia de xente que ía a Lyme Regis só para ver o lugar exacto no que se desenvolve unha das escenas clave de *Persuasión*. Como

son xornalista, teño esa obsesión típica dos medios de buscar a cifra, o número de impacto que vos dirá sen lugar a dúbidas canta xente vai cada ano seguir os pasos de Jane Austen e que vos convencerá de que somos moitas persoas. Non existe como tal, pero algunhas noticias nos xornais dan pistas. O Jane Austen Centre –o museo que foi unha das escasas atraccións que paguei naquela primeira visita a Bath– recibe ó ano uns 200 000 visitantes, e é unha das atraccións turísticas máis populares da cidade.

Pero, que é o que nos leva a obsesionarnos de tal xeito cunha muller que naceu hai xa 250 anos?